



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA,
ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA E O CONCELLO DE LUGO PARA A
CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE SAN FROILÁN 2017**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Lugo e ABANCA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ao 30 de novembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e o concello de Lugo para a o apoio á celebración das Festas de San Froilán, xa que se considera este evento un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Primeiro.- O concello de Lugo, segundo se sinala no artigo 25.2.m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, ten competencias en materia de turismo, realizando para iso diversas actuacións entre as que cabe destacar a Festa de San Froilán, declarada de interese turístico nacional no ano 2006.

A Festa de San Froilán ten 250 anos de antigüidade, a afluencia de visitantes increméntase cada ano e supera os 400.000 e son unha das citas festivas máis importantes de Galicia. A celebración ten lugar a primeira quincena de outubro, inicialmente eran feiras preparatorias para entrar no tempo do inverno, así dáse





grande importancia á gastronomía cunha ampla variedade de postos que ofrecen os produtos máis representativos de Galicia.

Segundo.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Terceiro.- ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.

Que dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción da Festas de Interese Turístico, a Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

Que non resulta posible a concorrencia competitiva, xa que o concello de Lugo é a única entidade organizadora do evento.

Que a través deste convenio, outórgase ao Concello de Lugo unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións





de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

Elena Barca Ramos

